

O sol cae letamente
o son dos paxaros desespérame
e a noite estrelada acércase.

O crepúsculo aparece
a desesperación desvanece
e a ansiedade corrómpeme.

Martín López del Río

A lúa chea brilla con certeza
as lágrimas caen con tristeza
e coa choiva mollado quedo.

Co vento frío conxélome
e o corazón destruído como o granito
e sobre un fío denso penso.

Martín López del Río

Cos berros silenciosos exprésome
pero pouco a pouco lévaos o vento
e eternamente coas cicatrices no peito.

Os momentos felices desfrútoos
para compensar os tempos difíciles
pero agora no peito teño un burato.

Martín López del Río

Cando o sol te ilumina
e aparece o teu sorriso
ilumínasme a vida.

Ti es o mellor motivo
e sen ti non vivo
ti es o camiño da esperanza.

Martín López del Río

Os paxaros marcharon
buscando calor.
As follas caen
e cambian de cor
O día é máis curto
quenta pouco o sol
as peras e as uvas
que ricas son!!!

Martín Prados Méndez

Filla do meu corazón
Avoa que quero tanto
Miña pequena floriña
Investiga pola vida
Lolita , quérote pequeniña
Irmán , lambonciño estás enaniño
Avó lambón , encántache o xamón!

Martiño Casanova Lamas

As Augas Marriñas

A auga celeste é transparente
ten peixes e ondas,
Véxoo cos meus lentes
e ti dime que te contas.

Hiba Boumazlag Manar

A Primavera

A xente sae ao parque
os nenos xogan e xogan,
as familias vanse de embarque
e isto é un eslogan.

Hiba Boumazlag Manar

Única

Galicia non son
os tópicos que nos poñen
se non os costumes propios.
É a alma aque nos caracteriza,
a beleza que difundimos
e a personalidade coa que vivimos.

Malena Granero Vázquez

TEMPO PERDIDO

Segundos, minutos e horas.
Momentos que quedaron no olvido,
Persoas que esqueciches agora,
Todos os recordos vividos.

A tristeza está encarcerada
E polo meu corpo vaga.
Consume as esperanzas,
Que xa están acabadas.

Toda a tristeza e a maldade.
Toda a dor que sentiches,
Por esas amizades
Que co tempo, perdistes

Moraima Bagaría Vázquez

A güija no Cortijo Jurado

Érase unha vez catro rapaces e dúas rapazas que foron ao Cortijo Jurado situado nas aforas de Málaga. É un sitio paranormal, que ten unha historia chea de cousas estrañas .

Eles foron pasar o día alí, investigaron todos os seus recunchos e, cando chegou a noite ,o primeiro que fixeron foi un ritual satánico. Despois xogaron á güija, prepararon o lugar e o tableiro, e empezaron a facer preguntas ,hai alguén aquí?. O triángulo dirixiuse ao “si”,as rapazas asustáronse moito e sacaron o dedo do tableiro. Seguiron xogando, fixeron outra pregunta e pasou o mesmo pero esta vez asustáronse todos, sacaron o dedo e non pecharon o xogo. Ao día seguinte volveron e foron ata un pozo que había alí, un dos rapaces asomouse e sentiu coma se alguén o empuxara e caeu ao baleiro. Aos dous meses, as dúas rapazas morreron nun accidente contra un camión.

Aroa Arias Díaz

A avoa dunha soa orella.

Eu tiña unha amiga que lle chamábase a nena da orella, recibía este nome porque tiña unha avoa que todo o pobo coñecía por perder a orella dunha forma moi sinistra e estraña, pois perdeuna ela soa na casa, a escuras e só cunha candeíña que desprendía un olor moi forte.

As persoas dicían moitos rumores sobre como a perdeu, uns que a perdera nun ritual, outras que de tan pouca luz tropezara e cortáaa e, outros moitos, afirmaban que tiña unha infección e non soportou ata que a cortou. Pero todo aquilo eran só rumores e non a verdade en si mesma, xa que a familia tampouco sabía a verdade.

Despois duns anos morreu a avoa o mesmo día que a miña amiga desapareceu. Ao día seguinte formamos unha busca moi extensa pero non encontramos nada e eu empecei a ter arrepíos e a vomitar, cando notei unha sombra na miña casa e unhas voces moi raras. Púxenme a buscar pero empezoume a sangrar a orella e a brotar sangue do teito e aí foi cando descubrín o que lle pasou á miña amiga.

Estev Bedoya Neira

Vento

Libre coma o vento quero ser
pero iso non pode suceder,
Polas vibracións eu quero fluír
mais con iso non se pode vivir.

Coma as aves entre o vento o meu corpo está
aínda que pouco o notará
pola roupa que fría está
a miña man vaise conxelar.

Un poema entre a xente voa
mentres que algunhas nin atención lle prestan
pero ten que haber outras lectoras
que con alegría o conmemoran.

Estev Bedoya Neira

Escola de traizón

16/3/2006

Hoxe foi un día coma outro calquera pero cunha diferenza.

Hai tempo namoreime dun rapaz, chámase Noa, é unha persoa moi boa e amable.
É alto e ten o pelo curto e é moi fermoso.

O punto é que hoxe pedíume saír e, como non, díxenlle que si. Nese momento púxenme moi nervioso e tiña a cara cal tomate, aínda neste instante non podo crer o que pasou e moito menos que somos mozos.

17/3/2006

Na escola Noa e eu nos sentamos xuntos pra almorzar, aínda me cordo deses ollos verdes e ese cabelo dunha cor vermella e dunha textura lisa coma o fío. Só velo quitáballe o sabor á comida que nin a do vertedeiro podía saber tan mal coma iso. Debido a que temos un camiño similar para chegar á casa, incitoume a ir collidos da man e eu aceptei, aínda que nervioso.

19/3/2006

Hoxe quedei con Noa na praia, estou desexando velo, este día será o mellor da miña vida, vou prepararme que todo ten que ser perfecto.

20/3/2006

(nun xornal)

Neno de catorce anos desaparecido nas costas de Galicia.

Unha familia denuncia a desaparición dun neno despois de que non volvera á casa logo de dicir que ía cun amigo de paseo pola praia. As autoridades de Galicia xa estenderon a busca...

Despois de ler esta noticia deume un arrefrío e quedei petrificado pois onte con Noa vimos un señor cargando unha bolsa grande e tirouna ao mar, Noa e eu chamámoslle a atención pero saíu correndo e agora mesmo estámoslle explicando ao policía o que sabemos.

21/3/2006

Como me gusta a fin de semana e sobre todo se a podo pasar con Noa, hoxe volvemos quedar na praia, pois vai moita calor e podemos ver a lúa vermella.

Estamos enriba dun acantilado sentados xuntos e estou nervioso, voume levantar para poder ver mellor a lúa.

Iso foi o último que dixo Marcos antes de que o empuxara polo acantilado...

Parecíalle moi bonito polo que o invitei a velo máis de cerca.

Foi moi fácil vingarme del despois de que matara a miña curmá e lle dixera aos policías que caera do acantilado e eu vou facer o mesmo. Xa sabía dende hai dous meses o que el sentía por min, polo que neste tempo levo planificando isto dende que me decatei.

22/3/2006
(nun xornal)

Encóntrase o corpo dun adolescente

...

Fin

Estev Bedoya Neira

A raqueta.

Á noite vin uns nenos ir cara o campo de tenis mais nunca saíron de alí, sósaíu un home alto cunha máscara e cunha raqueta que goteaba un líquido vermello, o peor desa noite foi que despois de verme empezou a perseguirme ata que cheguei á miña casa. Pero el seguiu tocando a ventá como o está facendo agora meso, polo que deberíamos correr e escondernos porque parece que vai entrar e ten escrito na ventá o teu nome, Xoán. Vai por ti, corre e non mires cara atrás porque te vai atrapar e non imos volveverte ver nunca máis.

Estev Bedoya Neira

A patria que move o pobo.

A patria é fermosa ao igual ca moitas mozas.
A inadaptación non ten pureza porque non existe,
A revolución é a do pobo e este é quen a controla
igual que a personalidade da nosa vivenda
feliz queren que a mocidade sexa.

Porque o pobo é o que move a patria
pois é o que habita nela
e o que sente o que a terra quere
é o que sabe as necesidades da fauna.

O pobo coida a terra e tamén coida as nosas lendas
porque necesario é que permaneza
tal cultura coma esta
por iso o pobo mima as nosas crenzas
Como mima a linguaxe con fortaleza,
fortaleza que saca da memoria, das xentes e da historia.

Estev Bedoya Neira

Amor fallido.

Eu deixei meu corazón
e ti coma merda o trataches,
eu deixei meu amor
e ti o abandonaches.

Algún día comprenderás
a dor que me causaches
recordarás acmiña dor
coma un demo na habitación.

Parva fun ao pensar
que ti me querías
mais na túa alma
só maldade había.

Eric Bedoya Neira

Un mundo máxico

Érase unha vez,un neno moi imaxinativo.
Unha noite, como tantas outras, foise a durmir,mais,resulta que de repente se
encontra nun bosque moi fermoso,cheo de froitas e animais exóticos,escoita un
ruidiño que resulta ser unha pequena fada. A fada guía ao neno a un gran castelo
cun banquete enorme que podería alimentar a un xigante. Diante da gran mesa
había unha princesa moi fermosa,na sala tamén había outras fadas e trasnos...
Todos empezaron a bailar,cando o neno estaba no seu mellor momento espértase,
todo foi un soño, pero, na súa man había un papeliño que poñía:
"Volve cando queiras".

Carla Campechano Batista

Nenos ao poder

Nunha gran cidade un grupo de nenos estaban fartos de atoparse con lixo pola rúa.
Un día decidiron tomar a iniciativa, empezaron a recoller o lixo e cada vez que alguén
tiraba lixo á rúa eles pitábanlle cun chifre e así cada vez a cidade estaba máis limpa e
moita xente de fóra quería visitar o lugar.
Os nenos quedaron moi felices co resultado e ensináronlles a todas as persoas que
cun pouquiño de esforzo poderían facer cousas incríbles.

Carla Campechano Batista

O sabio de Shizou

Conta a lenda que nuha aldea moi pequena chamada Shizou había un vello moi sabio, todo o mundo lle pedía consellos.

O seu xemelgo, celoso de toda a importancia que lle daban ao seu irmán, decidiu secuestralo e suplantar a identidade do sabio. Ninguén se daba conta do acontecido ata que o vello escapou. Cando foi ao lugar contarlle a todos o que lle ocorrera, ninguén o cría. Moi enfadado foise ao bosque, pero non se decatou de que había un foso e caeu.

Dende ese día a súa alma vaga pola aldea de Shizou levando ao outro mundo unha persoa cada mes.

Carla Campechano Batista

Verdadeira amiga.
Amigas coma ela poucas hai,
Case como as persoas
Animal coma este non cho hai.

Izan Gómez Pillado

O espírito galego

Todos os galegos nacemos cun espírito
que nos fai ser especiais.
A nosa forma tan fermosa de falar,
as nosas festas tan distintas,
as paisaxes e os animais que só nós temos,
toda a nosa vexetación e a paz.
O noso espírito non ten prezo porque
é o mellor de todo o planeta
xa que non se pode igualar.

Izan Gómez Pillado

Hoxe quero que saibas o especial que eres.
Os teus abrazos, tan cálidos como o sol,
fan que me saia do control
e o teu corpo, feito polos mesmos anxos,
atráenme como o imán ao metal.

Son capaz de contar cada gran de area
no mundo, só para verte feliz,
porque sen as túas risas isto sería unha condena

que non me permito cumprir.

Son capaz de recoller as follas do outono
todas e cada unha para volver a verte,
porque non me permito perderte
quero aprender a quererte.

A miña vida era triste e solitaria
todo era ordinario
sen o rumbo necesario
pero apareciches con ese sorriso diario
e agora ofrézome voluntario
a amarte.

Kawtar Karim

Terra

Benvido á terra dos non aceptados,
á terra dos olvidados,
á dos fracasados,
despois de todo, estes son os resultados

A terra está chea de desgraciados
en todos os lados
E quen son os afectados?
Nós, os que fomos utilizados
e os nosos soños masacrados.

Na nosa terra sempre seredes invitados
nunca xulgados,
e polo ben seredes tomados
NA VOSA IMAXINACIÓN ESTAMOS SITUADOS.

Kawtar Karim

A vida

Eu aprendín que...

Non hai ceos sen tempestades,
camiños sen accidentes
nin soños sen riscos.
A vida é un reto, supérao
Afróntao. A vida é un xogo,

xógao.

Aprendín que se creo que podo, PODO.
Que se me esforzo, consigo todo.
Que prefiro ser una sabeotodo,
que as palabras non saber medir.
Que non hai ningún modo
de fecerme rendir.

Así que pénsao ben
se sabes o que es
ser un mesmo,
e non unha persoa impresa
neste mundo, como case todos.

...Iso aprendín

Kawtar Karim

A VIDA

As flores voan co vento
convértense en luz ao mesmo tempo.
Os nenos xogan polo campo
mentres outros gritan a llantos.

A vida segue polo tanto
mentres que outros se dirixen ao ceo.
A vida é triste e feliz ao mesmo tempo
hai que aprobeitala ben e pasala tecendo.

Antón Otero Martínez

O CEO

O ceo é azul como azul é o mar
por todo o ceo os paxaros poden voar.
O ceo é nuboso como as mañás
cando todos os nenos saen a xogar.

O ceo é negro cando as curuxas
volven a despertar
tan negro como os corvos e a morte
durante un funeral.

O ceo é laranxa como unha laranxa en si
un laranxa emotiva que fai que entres en ti.
Ese é o atardecer do ceo cando máis bonito
se pon para presumir de que non é feo.

Antón Otero Martínez

Hai dous anos pasoume unha cousa moi embarazosa. Eu tiña dez anos e estába
preparando para ir a unha voda, mais xusto antes de saír, comín dúas napolitanas de
chocolate.

Na voda todo foi de marabilla, aínda que notei algo raro no estómago, pero non lle
dei moita importancia. Xa me pasara o mesmo máis veces. O problema veu cando
sacaron unha fonte de chocolate. A min encántame o chocolate e non me puiden
resistir.

Despois dun tempo, empezoume a doer bastante a barriga e saíronme uns cantos
gases. Ninguén se decatou ata que unha nena máis pequena ca min empezou a
delatarme. Ao minuto seguinte todos sabían o que acontecera. Fixeron un círculo e
deixáronme a min no medio, ao lado da fonte. A xente comezaba a transformarse,
parecían monstros. Achegábanse máis e máis a min ata que xa chegou o momento
de que non podía nin moverme. Un deles empurroume cara a fonte.

Xusto cando caín, levanteime na miña cama, co corpo cheo de suor. Aí foi cando me
dei conta de que todo fora un pesadelo.

Antón Otero Martínez

Galicia tennos namorados
coas súas terras, cos seus prados
e labrando cos arados
semento froitos amados.

Temos carnes e peixes
cogomelos e amorodos.
Galicia nunca me deixes
quérote de todos modos.

Antón Rego Sánchez

O río

Non hai días mellores ca os que se vai ao río.
Non hai nada mellor ca un baño fresquiño.
Sons relaxantes, os paxaros pío pío
estando sentado na beira tranquiliño.
Un día calmado sen estrés nin palabrerío.
Un día calmado sen preocupación é o mellor camiño.

Anxo Martiño Sobrado Neto

Acume

Cada día un plácido paseo polo campo.

Ás veces se estas triste é o mellor que podes facer.

Máis felicidade non se pode sentir.

Pois sempre cando aí estas, percórrete unha gran felicidade...

Ollos que se desvían ata a verde herba e euforia que un sente ao dar un paseo.

Anxo Martiño Sobrado Neto